

A ZEPA DA LIMIA



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE
E DESENVOLVEMENTO SOSTIBLE

A ZEPA DA LIMIA

Protección das aves sen afección para as terras

A Limia é unha das comarcas ourensás máis importantes. Ten un enorme potencial agrícola e agrogandeiro, e uns núcleos de poboación de relevancia no conxunto da provincia.

Pero A Limia é, tamén, unha zona cuns hábitats extraordinarios para as aves.

Isto fai que sexa unha comarca especial, na que é perfectamente compatible o desenvolvemento económico coa protección dos recursos naturais.



■ A declaración da ZEPA da Limia **non supón ningunha alteración para os solos rústicos de protección agropecuaria**, así como tampouco para os urbanos, núcleos rurais ou industriais, que quedan fóra do ámbito da ZEPA.

■ Trátase de preservar o hábitat de determinadas aves, especialmente, o sisón e o pernileiro, **sen que isto supoña merma algunha para o desenvolvemento dos labores e os usos habituais nos terreos comprendidos na ZEPA.**

■ É máis. Na Limia, **estas aves conviven dende tempo inmemorial cos labores agrícolas**, e son estes, precisamente, os que contribuíron o seu mantemento ao longo dos anos.



■ **Ningunha directiva nin europea, nin estatal, nin autonómica obriga a considerar as ZEPAS como espazos naturais protexidos**, polo que non son de aplicación neste caso as normas que isto conleva.

■ A declaración da ZEPA da Limia, ademais de perseguir a pervivencia destas aves en perigo de desaparición, **conleva a posibilidade de obter subvencións dos fondos europeos.**

■ **A estas axudas poderán acceder de xeito prioritario** os propietarios de terras agrícolas englobadas nas 10.000 hectáreas que comprenderá esta ZEPA.

■ **A ZEPA da Limia é a primeira das 14 que existen en Galicia que se crea mediante un proceso de participación dos veciños e colectivos**, como é a exposición pública e presentación de alegacións.

■ Coa declaración da ZEPA da Limia **a comarca seguirá a ser un dos referentes de Galicia no sector agrario e agrogandeiro**, pero, ademais, entrará a formar parte do **elenco de espazos europeos respectuosos coa protección ambiental**, neste caso, das aves en perigo de desaparición.

Compatibilizar a conservación dos recursos naturais co desenvolvemento económico non só é posible, senón que é absolutamente necesario na sociedade do Século XXI.

E A Limia mira cara ao futuro.

a Limia mira cara ao futuro



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE
E DESENVOLVEMENTO SOSTIBLE